



A Fundación ferrolá continúa reunindo apoios para acadar a declaración do Día das Letras Galegas 2009 para o intelectual CARVALLO CALERO

ARTÁBRIA SEGUE PULANDO POR CARVALHO CALERO


Nos últimos meses téñense organizado palestras, mesas redondas, e dende hai unhas semanas, a Fundación Artábria vén reunindo apoios de intelectuais, artistas e políticos para acadar o recoñecemento. Son moitos os que xa fixeron a foto co cartaz de apoio á iniciativa, sobre todo na noite que se celebrou unha cea de homenaxe aos



O Presidente do Ateneo Ferrolán, Eliseo Zaera Ríos, asina o documento de adhesión.

veciños de Mugar dos cuxas casas están a carón de Reganosa. Entre eles, Miguel de Lira, Carlos Santiago, Comba Campoy, Eliseo Zaera (presidente do Ateneo Ferrolán) ou a concelleira de Cultura de Ferrol, Yolanda Díaz.

En novembro, unha conferencia organizada conxuntamente pola Fundación Artábria e a Asociación Galega da Língua (AGAL) en colaboración co Ateneo Ferrolán, contou coa participación do maior especialista na figura de Carvalho Calero, José-Martinho Monteiro Santalha, prof. de Didáctica das Linguas na Universidade de Vigo; de Maurício Castro, xefe do Dpto. de Portugués na EOI de Ferrol; e de Alexandre Banhos, novo presidente da AGAL. E en xaneiro a Comisión de Defensa da Lingua da Gentalha do Pichel realizou un mural en lembranza do intelectual ferrolán. ☘



Ricardo Carballo Calero
Ferrol, 30 de outubro de 1910
Santiago de Compostela 25 de marzo de 1990

Licenciouse en Dereito e Filosofía e Letras pola Universidade de Santiago de Compostela. Foi agregado de Lingua Española e Literatura no Instituto de Ensino Medio 'Rosalía de Castro' en Santiago.

Foi secretario do Seminario de Estudos Galegos, membro da Real Academia Galega, Vicedirector do Instituto 'Padre Sarmiento' e director da sección literaria deste centro.

Estivo en contacto cos membros de Nós, colaborando na súa revista.

OBRAS REALIZADAS

Poesía:

As súas primeiras publicacións foron de poesía con obras como: *Vieiros* (1931), *O silencio axiollado* (1934), *Anxo da terra* (1950), *Poemas pendurados dun cabelo* (1952), *Saltério de Fingoi* (1961).

A partir de 1961 ata 1980 publica unha serie de poemas agrupados en tres partes: *Excalibur*, *Venusberg* e *Avalon*. Entre 1980 e 1985 escribe *Cantigas de amiga e outros poemas*.

Teatro:

Carballo calero amosou tamén interese por este xénero publicando algunhas pezas que en ocasións chegaron a ser representadas. Antes da guerra civil compuxo *O fillo* e en 1945 *Isabel*. A partir de aquí escribiu obras como *A sombra de Orfeo*, *A farsa das zocas*, *A arbore*, *Auto do prisioneiro* e *Os xefes*.

Narrativa:

A súa obra en prosa está recollida no volume *Narrativa completa* que contén obras como a novela *A xente da Barreira* e narracións curtas como *Os señores da Pena*, *O lar de Clara*, *As pitas baixo a chuvia*, *Os tumbos*, *A cegoña* e *Aos amores serodios*. Tamén escribiu *Scórpico* que pode ser considerada a súa obra mestra.

Carballo Calero tamén aportou á nosa cultura obras de tipo filolóxico como *Sete poemas galegos* (1955), *Aportacións a la literatura gallega contemporánea* (1955), *Breviario antolóxico de literatura gallega contemporánea* (1966), *Sobre lingua e literatura galega* (1971), *Particularidades morfolóxicas del lenguaje de Rosalía de Castro* (1972), *Gramática elemental del gallego común* (1974) e *Historia de la Literatura gallega contemporánea* (1975).